



2024

Galicia Dixital: O Sector TIC de Galicia

Resumo Executivo
Edición 2024



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2025

Creative Commons Atribución – Compartir Igual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)


Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice de Contidos

- | | |
|-------------------------------------|---------|
| 1. Introducción | Páx. 4 |
| 2. Caracterización do Sector TIC | Páx. 6 |
| 3. Tecnoloxías Disruptivas | Páx. 12 |
| 4. Actividades de I+D+i | Páx. 16 |
| 5. Xestión Empresarial | Páx. 18 |
| 6. Comercio electrónico e formación | Páx. 23 |
| 7. Ciberseguridade | Páx. 26 |
| 8. Conclusións | Páx. 28 |
| 9. Metodoloxía | Páx. 30 |



1. Introducción



Introdución

Principais resultados da **"Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia". Ano 2024.**

Incluído no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia

Realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Marco estratéxico: estratexia Galicia Dixital 2030

Obxectivos


- ✓ Proporcionar información para realizar un seguimento o despregamento da Estratexia Galicia Dixital 2030.
- ✓ Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído no programa estatístico anual de Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Realizar un seguimento no ano 2024 dunha serie de indicadores e obxectivos relacionados co peso do sector TIC dentro da economía, o emprego e a dixitalización de Galicia.

2. Caracterización do sector TIC



ESTRUTURA DO SECTOR TIC


SECTOR TIC. ESTRUCTURA



Demografía empresarial I


En Galicia había **3.108** empresas TIC no ano 2023, que representan o 4,7% do total de empresas TIC do estado.

Galicia permanece na **quinta posición** entre as Comunidades Autónomas respecto ao número de empresas do sector TIC.



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE

*Número de empresas TIC por comunidades autónomas
Año 2023*



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (España) e IGE (Galicia). Ano 2023

Demografía empresarial II




Actividade da Empresa

Maioritariamente actividades informáticas 73,0%


Tamaño da Empresa TIC

A maioría (79,1%) posúe un máximo de 2 empregados /as

Actividade principal da empresa por grandes grupos CNAE




Empresas do sector TIC por número de empregados/as. Evolución 2019-2023



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (España) e IGE (Galicia). Ano 2023

Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (España) e IGE (Galicia). Ano 2023

Emprego




Os datos de afiliacións á Seguridade Social en Galicia amosan un **incremento** do emprego no **sector TIC dun 21,3% dende o ano 2020**, acadando os **23.467 traballadores/as no ano 2024**.

A porcentaxe de homes que traballa no sector TIC acada no 2024 o 68,9%, máis do dobre que a cifra de mulleres.

No 2024, a presenza de mulleres no sector TIC tivo un crecemento relativo do 0,3%, pasando do 31% ao 31,1%.

O **76,7%** (-2,7% respecto ao ano anterior) das empresas TIC galegas considera difícil ou moi difícil atopar novo persoal con formación axeitada en especialidades STEM.

Empregados/as do sector TIC segundo o sexo (%)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. 2020-2024

Volume de Negocio



Estimación do volume de negocio do sector TIC (millóns de euros)




Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia

A facturación das empresas TIC en Galicia **incrementouse o 0,5%**, ata **os 3.714 millóns de euros, 17 millóns máis que no 2022**. O Valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego para o ano 2022, de **máis de 1.800 millóns de euros, foi o 2,53% do PIB galego**.


Os clientes do sector TIC son maioritariamente de orixe galega (68,1%) e do resto de España (21,7%). O sector está especializado no negocio orientado ás empresas, que supoñen o 70,7% do seu volume de negocio.

Porcentaxe do VEB do sector TIC sobre o PIB de Galicia




Fonte: IGE Base: empresas de Galicia. (p) valor provisional

Estimación do volume de negocio do sector TIC segundo orixe de clientes



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia

Estimación do volume de negocio do sector TIC segundo tipo de clientes



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia


3. Tecnologías Disruptivas



Tecnoloxías Disruptivas



Empresas que utilizan tecnoloxías disruptivas. Ano 2024




No 2024, a tecnoloxía disruptiva con máis presenza nas empresas TIC galegas é a o Business Intelligence (48,6%) afianzando a súa presenza nas empresas TIC galegas, cun crecemento relativo do 36,5% respecto ao ano anterior.

No último ano, o Blockchain crece un 46,7%, cun acumulado do 255,8% dende 2020 e queda no 40,2%.

O uso da intelixencia Artificial sitúase nun 38,3% no sector TIC, tras aumentar case un 30% no último ano.

En cuarto lugar o IoT, co 36,6%, mantivo un uso practicamente estable no último ano.

Tendencias na evolución no uso de tecnoloxías disruptivas. Taxa de variación 2020- 2024



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia


Big Data, Internet das Cousas, Intelixencia Artificial, Robótica e Impresión 3D

No 2024, o uso da Intelixencia Artificial nas empresas TIC galegas é do 38,3%. As tecnoloxías de Intelixencia Artificial máis empregadas son “procesamento da linguaxe natural (NLP)” (67,4%) e “aprendizaxe automática ou Machine learning para a análise de datos” (41,8%).

O 36,6% das empresas do sector TIC galego utiliza IOT. As modalidades máis usadas son os “sensores, etiquetas RFID de radio frecuencia, cámaras IP que envían datos por internet” (61,8%)


O 35% do Sector TIC galego incorpora a análise Big Data en 2024. O 73,2% destas aplícanas á “Aprendizaxe automática ou machine learning”

Usos do BIG DATA




Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia que utilizan BIG DATA

Usos da Intelixencia Artificial



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia que utilizan Intelixencia Artificial

Usos do IOT




Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia que utilizan IOT

Outras tecnoloxías Disruptivas




O 48,6% das empresas TIC utilizan ou incorporan aos produtos/servizos Business Intelligence e o 40,2% Block Chain.

O 36,4% das empresas TIC galegas empregan ou incorporan a seus servizos de Chatbots. Así mesmo, o 25,5% das empresas TIC galegas utilizan ou incorporan aos seus produtos os servizos de Telepresenza ou realidade virtual e o 26,5% fai uso ou vende Impresión 3D.




Empresas que utilizan ou incorporan tecnoloxías disruptivas aos seus produtos e servizos



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia

4. Actividades de I+D+i



Actividades de I+D+i

O 36,8% das empresas TIC galegas desenvolveron actividades de I+D+i durante os 3 últimos anos. Obtiveron resultados comercializables con estas actividades o 72,9%, mantendo a tendencia observada no 2023.


Actividades de I+D+i nos 3 últimos anos



O 72,9% obtivo
resultados
Comercializables
das actividades
I+D+i


Fonte: OSIMGA
Base: empresas TIC
de Galicia

Actividades de I+D+i nos 3 últimos anos. 2020-2024



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia

Introdución de BENS novos ou mellorados



Fonte: OSIMGA
Base: empresas TIC
de Galicia

Introdución de SERVIZOS novos ou mellorados



Fonte: OSIMGA
Base: empresas TIC
de Galicia

A porcentaxe de empresas TIC de Galicia que, durante os últimos tres anos, introduciron bens novos ou mellorados, é do 34,7% no 2024.

As empresas que introduciron servizos novos o mellorados no 2024 acadan o 55,5%.



5. Xestión Empresarial



Cloud Computing


Emprego de servizos de Cloud Computing



O 69,6% das empresas TIC galegas emprega servizos de Cloud Computing, o que supón un crecemento do 9,4% respecto ao 2023.

O "Almacenamento de ficheiros", o "Servidor de base de datos da empresa" e o "E-mail" son as modalidades de servizos de Cloud Computing máis empregadas no sector TIC galego.


Tipo ou modalidade de Cloud Computing que emprega



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC que utilizan Cloud Computing

Acceso a Internet

Conexión a internet a través de fibra óptica



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia


Novamente, no 2024, a fibra óptica é a tecnoloxía de acceso a Internet máis contratada polas TIC galegas. As empresas que contratan esta tecnoloxía incrementáronse en 5,6 puntos porcentuais e manteñen a tendencia observada no 2023, e un **81,7%** ten esta tecnoloxía contratada.

A continuación sitúanse a banda larga móbil (19,3%) e a banda larga cable (16,4%), ambas con tendencia descendente nos últimos anos.




O número das empresas TIC con velocidade de conexión igual ou superior a 100 Mb acada no 2024 o 97,1% o que supón un crecemento relativo do 16,4% respecto ao 2023.

Velocidade de acceso a Internet (% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia




Madurez Tecnolóxica




No 2024, o 85,2% das empresas TIC galegas usan a sinatura dixital. Analizando os usos máis específicos, o 53,7% das empresas TIC emprega a sinatura dixital para relacionarse con outras empresas e o 89% para relacionarse coa administración

Sinatura dixital




Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia

Emiten facturas electrónicas




Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia

Interacción coas Administracións a través de internet



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia

Tipos de uso da sinatura dixital. Evolución



—* Para relacionar con clientes e/ou provedores —● Para relacionarse coas Administracións Públicas


Fonte: OSIMGA Base: porcentaxe de empresas que usaron sinatura dixital



Redes Sociais e Páxina Web




Presenza activa nas redes sociais. Evolución



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia



Empresas que dispoñen de Páxina Web. Evolución



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia



O uso de redes sociais por parte das empresas TIC galegas, acada o 46% no 2024, cun crecemento do 2,2% no último ano.


A dispoñibilidade de páxina web entre as empresas TIC galegas sitúase nun 88,7%, cun crecemento do 12,3% dende o ano 2020.

6. Comercio electrónico e Formación




Comercio electrónico

Vendas de bens u servizos a través do comercio electrónico



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia que realizan venderon a través de comercio electrónico


Compras de bens u servizos a través do comercio electrónico



Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia que realizan compras a través de comercio electrónico

Formación TIC

% de empresas que formaron en TIC aos seus empregados/as no último ano




Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia

O 40,4% das empresas TIC galegas impartiu formación en novas tecnoloxías da información e comunicación ao seu persoal.

A Intelixencia Artificial (59,1%) e a Ciberseguridade (50,8%) son as dúas áreas de maior interese para accións formativas nas empresas TIC.

Área de formación TIC de interese nas empresas



Fonte: OSIMGA. Base: empresas con interese en facilitar formación TIC aos seus traballadores/as



7. Ciberseguridad



Ciberseguridade

Emprego de
sistemas de
seguridade
informática

97,7%

+0,5% no
último ano



Incidentes de
seguridade

14,2%

-42% no
último ano

Fonte: OSIMGA Base: empresas TIC de Galicia

A práctica totalidade (97,7%) das empresas do sector TIC galego utiliza medidas de seguridade informática.

As principais medidas adoptadas son as de manter o software actualizado (93%), ter un sistema de autenticación mediante contrasinal forte (90,9%) e facer unha copia de seguridade de datos nunha ubicación separada (88,3%).

O 14,2% das empresas galegas dedicadas ás TIC sufriu algún incidente de seguridade durante o ano 2024.

Ao igual que ven ocorrendo nos últimos anos, os intentos de estafa e os ataques de virus foron os incidentes máis frecuentes entre as empresas que tiveron problemas coa ciberseguridade.



8.Conclusiones



Conclusións



En 2023 Galicia contaba con 3.108 empresas TIC, que representan o 4,7% do total de empresas TIC a nivel estatal, permanecendo na quinta posición entre as Comunidades Autónomas respecto ao número de empresas do sector.

Segundo os datos de afiliacións á Seguridade Social en Galicia conta con 23.467 traballadores/as no sector TIC.

No 2024, a tecnoloxía disruptiva con máis presenza nas empresas TIC galegas é a o Business Intelligence (48,6%). No último ano, o Blockchain crece un 46,7%, e queda no 40,2%. O uso da intelixencia Artificial sitúase nun 38,3% no sector TIC, tras aumentar case un 30% no último ano.

O número das empresas TIC con velocidade de conexión igual ou superior a 100 Mb acada no 2024 o 97,1%, o que supón un crecemento relativo do 16,4% respecto ao 2023.

A porcentaxe de empresas TIC que venden os seus produtos a través do comercio electrónico no último ano acada o 33,4%, cun crecemento relativo do 2,5% respecto ao ano anterior.

O peso das vendas a través do comercio electrónico respecto ao volume de negocio das empresas TIC permanece estable, no 54,4% da facturación.

O 40,4% das empresas TIC galegas desenvolveu accións formativas TIC para o seu persoal, que é un 11,9% máis que en 2023

A práctica totalidade (97,7%) das empresas do sector TIC galego utiliza medidas de seguridade informática e o 14,2% sufriu algún incidente no último ano.

9. Metodología



Ficha Técnica da Enquisa

- ✓ **Ámbito territorial:** Galicia.
- ✓ **Universo:** sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, dedicadas a actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación agrupadas en 5 grupos (Manufactureiras, Comerciais TIC, Telecomunicacións, Actividades informáticas e Outros Servizos TIC)
- ✓ **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada vía web ou con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefonicamente ou persoalmente para a súa cobertura.
- ✓ **Tamaño da mostra:** 465 entrevistas a empresas dos sectores TIC descritos.
- ✓ **Afixación polietápica:** estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego e a actividade específica da empresa TIC; nunha segunda fase selección aleatoria da unidade mostral dentro de cada un dos estratos definidos.
- ✓ **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,3\%$.
- ✓ **Traballo de campo:** do 15 de maio ao 15 de xullo de 2024

Fontes de Información



Enquisas realizadas polo OSIMGA.



Fontes externas IGE e INE



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA

Máis información: www.osimga.gal